



Informe sobre baixas desproporcionadas, emitido en relación ás ofertas presentadas ao procedemento aberto con diversos criterios de adxudicación para a contratación por lotes do desenvolvemento de accións de formación profesional ocupacional do Servizo Municipal de Emprego, no ámbito da obtención de certificados de profesionalidade, expediente AS-29/2017

Antecedentes

Primeiro.-Iniciouse o expediente que ten como finalidade a contratación por lotes do desenvolvemento de accións de formación profesional ocupacional do Servizo Municipal de Emprego, no ámbito da obtención de certificados de profesionalidade, expediente AS-29/2017

Segundo.- O día 12 de xuño de 2017 recíbese notificación do acta de apertura dos sobres da documentación técnica do procedemento aberto (AS-29/2017), na que se solicita a este Servizo, a emisión dun informe previo á apertura das ofertas económicas, no que constarán debidamente motivadas, as puntuacións que se propoñan en función dos criterios obxectivos de adxudicación do procedemento que constan no prego de cláusulas administrativas particulares regulador do mesmo.

Terceiro.- De conformidade co disposto na cláusula 22ª do prego de cláusulas administrativas particulares que regula este contrato, no apartado de Criterios non avaliábeis aritmeticamente: Sobre B referencias técnicas, contéplase no apartado B a valoración da **metodoloxía de traballo e tarefas a realizar para a prestación da acción formativa**, con ata un máximo de 3 puntos.

Este criterio valorarase, con ata un punto cada un dos seguintes apartados:

- **Planificación do programa formativo**
- **Medios materiais utilizados**
- **Metodoloxía de avaliación da formación**

Cuarto: Recibíronse no Servizo propostas técnicas das seguintes empresas licitadoras:

Ofertas presentadas:

Número un. *Formaziona Sararte, S.L. (lote 2)*

Número dous. *Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería de A Coruña (lote 3)*

Número tres. *Fundación Equipo Humano (lote 2)*

Número catro. *Mayores, Atención a la Dependencia, S.L. (lote 1)*

Número cinco. *Acmark, Centro de Formación, S.L. (lote 2)*

Número seis. *Centro de Iniciativas Profesionales, CIP, S.L. (lote 2)*

Número sete. *Norformación, S.L. (lote 2)*

Con data 15 de xuño de 2017 remítese ao departamento de contratación informe de valoración de ofertas presentadas ó procedemento aberto para a contratación por lotes do desenvolvemento de accións de formación profesional ocupacional do Servizo Municipal de Emprego, expediente AS-29/2017

Quinto.- Con data 30 de xuño a Mesa de Contratación procedeu á aprobación do informe económico sobre as ofertas presentadas ao procedemento arriba referido, considerando como desproporcionadas as baixas efectuadas por varias empresas en relación cos distintos lotes que se licitan no expediente, e dacordo co establecido no prego administrativo regulador do



contrato, o día 14 de xullo, a Mesa de Contratación remite ao servizo a relación de licitadores que se consideraron, en principio, como baixa desproporcionada para a súa valoración. As empresas son:

- Mayores, Atención a la Dependencia, S.L.; Lote 1
- Formazona Sararte, S.L.; Lote 2
- Asociación Provincial de Empresarios de Hostelería de A Coruña, S.L.; Lotes 3

Sexto.- Revisada a documentación presentada polas entidades, na que se indican as empresas e os lotes onde se consideran baixas desproporcionadas, realízase o seguinte Informe:

MAYORES, ATENCIÓN A LA DEPENDENCIA, S.L. Lote 1. Formación para a atención sociosanitaria a persoas a domicilio, con certificado de profesionalidade (SSCS0108)

A xustificación que presenta a empresa, que é a única licitadora e polo tanto non ten competencia con ningunha outra, atende aos seguintes criterios:

1. Orzamento do curso, no que se desglosan os capítulos de custos de persoal, materiais, aluguer de aula, custos de desprazamento ás prácticas, seguros, etc. A empresa aporta unha relación dos materiais entregables: libretas, lapis, dossier, pen drives, libros-manuais, fotocopias e encuadernacións, uniformes para as prácticas.
2. Persoal docente. A empresa desglosa os custos de persoal docente baseándose nos custos recollidos no convenio do sector, convenio de formación non regrada (BOE nº 157 do 3/7/2017), para **docentes** coa categoría de profesor titular contratado a 25 horas á semana. O desglose atende aos conceptos de salario bruto, plus dedicación e Seguridade Social.

Á vista do anteriormente descrito dende o Departamento de Emprego considérase suficiente a xustificación da oferta económica presentada por MAYORES, ATENCIÓN A LA DEPENDENCIA, S.L. para o Lote 1.

FORMAZIONA SARARTE, S.L. Lote 2. Formación para a realización de operacións auxiliares de comercio e reposición.

A xustificación que presenta a empresa atende aos seguintes criterios:

1. Instalacións. A empresa indica que as instalacións son propias, polo que non ten que apoiar nada polo uso das mesmas, o que lle supón un importante aforro nos seus custos estruturais. Achegan escrituras das mesmas, nota simple e inscrición no Rexistro da Propiedade.
2. Recursos humanos
 - a. A empresa di que dispón de recursos humanos suficiente para a xestión das accións formativas e con contratos indefinidos, polo que afrontar a xestión de ditas actividades non supón un importante custo engadido á empresa.

- b. Xustifican que os salarios dos seus docentes superan o establecido no convenio do sector, e achegan as nóminas de José Luís Flores Sánchez, que na actualizade é o docente dos lotes 6 e 7 do curso de referencia AS-9/2016.
3. Materiais e Xestión. A empresa di que dispón do material didáctico e funxible necesario, e que xa se encontra amortizado, ademais de dispoñer da súa propia plataforma de xestión e persoal técnico de soporte á mesma.
4. Prezos de mercado. Formaziona indica que o precio hora da oferta que fan é superior a outras licitacións que se lles foron concedidas desde este Concello. Aportan exemplos de adxudicación de cursos de formación no Servizo Municipal de Emprego, Bibliotecas Municipais e na Diputación Provincial da Coruña.

Á vista do anteriormente descrito dende o Departamento de Emprego considérase suficiente a xustificación da oferta económica presentada por FORMAZIONA SARARTE, S.L. para o Lote 2.

ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA DE A CORUÑA, SL. Lote 3.
Formación para a realización de elaboración culinaria básica.

A xustificación que presenta mediante previa declaración responsable a empresa, que é a única licitadora e polo tanto non ten competencia con ningunha outra, atende aos seguintes criterios:

1. Recursos Humanos. Declarase que a entidade ten unha ampla plantilla de traballadores entre docentes, orientadores laborais e xestión que lle permite executar programas formativos durante todo o ano con eficiencia e eficacia nas operacións, xa que o persoal de xestión, coordinadores, orientadores laborais e docentes é persoal estable da Asociación, a maior parte con contrato indefinido e a xornada completa. Presentan a vida laboral da Asociación e a nómina de unha das traballadoras como exemplo.
2. Prezos de mercado. Declarase que os prezos ofertados non inciden negativamente no cumprimento dos dereitos laborais dos traballadores.

Á vista do anteriormente descrito dende o Departamento de Emprego considérase suficiente a xustificación da oferta económica presentada pola ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE EMPRESARIOS HOSTELEROS DE A CORUÑA, SL. para o lote 3.

A Coruña, 10 de agosto de 2017

Emilio Lesta Casal

O Xefe do Departamento de Emprego